

## MEMORIA EXPLICATIVA

---

*ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL PARA CONTRIBUÍR Á ADAPTACION AO CAMBIO CLIMATICO NO MUNICIPIO DE SOBER NO ÁMBITO DA ENERXÍA E DOS RESIDUOS*

---

*Proxecto cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*

OT 5. “Frear o cambio climático”



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
*“Unha maneira de facer Europa”*



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

## ÍNDICE

---

Página

MEMORIA EXPLICATIVA.....	1
ÍNDICE .....	2
INTRODUCCIÓN .....	3
DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS E OBXECTIVOS ACADADOS.....	3
➤ <b>MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICOS.</b> .....	4
➤ <b>TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS</b> .....	5
MEDIDAS DE XUSTIFICACIÓN .....	6

## INTRODUCCIÓN

---

Un dos principais desafíos a que se enfrenta o mundo actual é o CAMBIO CLIMÁTICO, unha ameaza ambiental, social e económica contra a cal a política de cohesión actúa a través do presente obxectivo temático.

Os gobernos locais teñen a posibilidade real de cambiar a tendencia actual dun modelo insostible de ocupación do territorio, do malgasto de enerxía e de todo tipo de recursos, ademais de xeración de excedentes. Trátase, por tanto, de garantir a calidade de vida, a pervivenza dos ecosistemas e as posibilidades enerxéticas mediante o fomento da corresponsabilidade ante o cambio climático e actuacións na liña dos compromisos asumidos polo Protocolo de Kioto.

Para afrontar esta situación, estudáronse unha serie de propostas de intervención no concello de SOBER coa finalidade de corrixir as tendencias que favorezan ao cambio climático. Neste senso, escolléranse un ámbitos prioritarios para o desenvolvemento dunha estratexia de adaptación ao cambio climático a nivel local elaborando UNA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL NO ÁMBITO DA ENERXÍA E DOS RESIDUOS.

## DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS E OBXECTIVOS ACADADOS

---

A administración municipal posúe un amplo marxe de actuación para contribuír á loita contra o cambio climático. Para avanzar neste camiño, o concello de SOBER considera prioritario facer fronte á ameaza real do cambio climático xerada pola enerxía e os Residuos , e por elo pretende desenvolver unha **estratexia de sustentabilidade ambiental que contribúa a mellorar o comportamento municipal fronte o cambio climático** coa que colaborar no benestar social e económico dos veciños, así como do ecosistema en xeneral.

A escala local os residuos e a enerxía van a representar un elevado porcentaxe do total das emisións de GEI, polo que dentro da xestión municipal propóñense medidas de adaptación ao cambio climático no campo da **XESTIÓN DE RESIDUOS** facendo especial fincapé a aquelas fraccións con maior contribución ás emisións, e tamén no campo da **ENERXÍA**, a través de medidas de aforro e eficiencia enerxética, as cales ademais dun efecto directo, teñen sobre todo un efecto indirecto, multiplicador pola súa capacidade de demostración exemplo para orientar aos cidadáns e os axentes do municipio.

Para acadar estes obxectivos SOBER plantéxase unha serie de obxectivos secundarios máis específicos, en base ás actuacións propostas na estratexia, tales como os seguintes:

- **MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS.**

### **Obxectivo**

Reducir o consumo enerxético en edificios.

### **Accións**

Elaboración dun Plan de eficiencia enerxética no edificio municipal que mais o precisaba (luminarias de baixo consumo, dispositivos de control na iluminación, etc.). co fin de achegar un estudo sobre os consumos enerxéticos do edificio e as medidas aconselladas para reducir e mellorar devanditos consumos.

Para iso realizáronse as visitas necesarias para a toma de datos, tanto de dimensións de cada dependencia do edificio como de todo aquilo que inflúe no consumo enerxético.

A introdución da xestión enerxética en edificios públicos implica un cambio nos nosos hábitos, unha optimización do noso consumo sen diminuír o noso confort e, sobre todo, o uso do sentido común.

## ➤ TRATAMIENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS

Aínda que as emisións de GEI asociadas á xestión de residuos poden considerarse menos relevantes en comparación coas procedentes doutras actividades, é necesario destacar as posibilidades destas reducións a nivel local adoptando medidas para estas reducións.

Na folla de ruta para o cumprimento dos obxectivos en emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) de España entre 2013 e 2020, exponse sete medidas no sector de residuos **Unha delas enmarcada na prevención** da xeración de residuos, mentres que as outras seis perseguen evitar o depósito do residuo en vertedoiro. Desta maneira, preténdese reforzar a xerarquía dos residuos actuando sobre aqueles fluxos que poderían ter un tratamento distinto ao depósito en vertedoiro.

A prevención e a xestión adecuada do biorresiduo, **ademais de reducir as emisións causantes do cambio climático, contribuirán á xestión sustentable dos recursos, a protección do chan, as enerxías renovables e ao cumprimento da normativa en materia de vertedura.**

Polo que estudiase a implantación dun programa de compostaxe doméstica como estratexia para reducir as emisions causentes do cambio climático.

Ha de terse en conta que cunha boa separación en orixe, o compost que se obtén é de mellor calidade e a súa aplicación ou comercialización máis rendible.

Previo o deseño dun programa de compostaxe doméstico en SOBER fíxose un estudio da situación actual da xestión do lixo e comprobouse a idoneidade do concello para adoptar esta medida.

No presente estudo indicouse a a cantidade total de residuo que se trataría se levase a cabo un hipotético proxecto de compostaxe , así como a cantidade de compost obtido , e o aforro económico.

## CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓNS EXECUTADAS.

A través do seguinte cronograma sintetízase os principais compoñentes que configuran a estratexia elaborada.

ACTUACIÓNS	NIOVEMBRO		OUTUBRO				NOVEMBRO				
	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	
<i>Inicio da elaboracion da estratexia</i>											
<i>Visitas ó concello. Busca de información</i>											
<i>Identificar as medidas a levar a cabo</i>											
<i>Selección das medidas de adaptación</i>											
<i>Redacción e Entrega da memoria</i>											


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO




**FEADER: Europa inviste no rural**  
FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

**ADECUACIÓN DE ESPAZO E INSTALACIÓN DE ESTRUCTURA E PANEIS INTERPRETATIVOS PARA  
 SINALIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS NA PARROQUIA DE PROENDOS  
 (CONCELLO DE SOBER)**

COFINANCIADO NUN 75% CO FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)  
 NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020

**CONSTRÓE:**  
 Anxarís, SL

**ORZAMENTO:**  
 10.831,00 Euros


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

**"ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE  
 AMBIENTAL NO CONCELLO DE SOBER"**

OT 5 "Frear o cambio climático"

Proxecto cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural no marco do programa operativo Feader Galicia

2014 Galicia


**FONDO EUROPEO DE  
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL**  
Tercer Programa de Fomento Europeo

UNION EUROPEA

